

1ª XUNTANZA DE AULA

1.-PRESENTACIÓN

Benvida formal e agradecemento por asistir

Presentación do titor da aula

Presentación persoal da titora (Estela) e do apoio (Leti)

- *O motivo desta xuntanza, e falarvos e orientarvos un pouco sobre o que vai ser o período de adaptación, a dinámica xeral da aula, e outros puntos de interese que poidan xurdir.
- *Tamén espero que sirva para coñecernos, buscar coherencia no xeito de actuar ante o neno, e comentar e aclarar as dúbidas.

Presentación da escola

- *Arela é unha Escola Infantil municipal, xestionada por unha empresa privada. Ten o ciclo 0-3 e 8 aulas; 2 de 0-1; 3 de 1-2 e 3 de 2-3 anos.
- *Entre o persoal contamos con: (mestres de educación infantil, técnicos superiores en educación infantil, unha mestra de Inglés e tamén unha cociñeira)
- *O horario xeral da escola é de 8 a 16 (excepto en adaptación e no mes de xullo de 8 a 15h) Máis información dos horarios na oficina.

Presentación da aula

- *É un grupo de nenos de 1 a 2 ano onde están escolarizados 12 nen@s. Son 8 nenas e 4 nenos. O intervalo de idade discorre entre xaneiro e xuño do 2018
- * O horario obrigatorio de aula é de 10 a 13 h..
- * Os horarios complementarios de 8 a 10, comedor de 13 a 14, dormitorio de 14 a 16.

Presentación dos pais e nais.

Nome deles e de que neno son pais, porqué decidiron escolarizar os fillos e expectativas en canto á adaptación na escola...

2.ADAPTACIÓN

No primeiro lugar é un proceso marcado pola lexislación. Levades un díptico con información xeral deste periodo.

Nós dámoslle moita importancia xa que o que pretendemos é que o neno/a sexa capaz de quedar tranquilo na aula. A min en particular axúdame pouco a pouco a coñecelos máis, a saber cales son os seus ritmos e tamén eses pequenos “trucos” que vos utilizades cos nenos/as para calmalos,...

Teño que advertirvos que pode HABER RECAIDAS neste período, por cambios e novas situacións e polo tanto readaptacións. Esta situación o que pode traer consigo son cambios no comportamento, nos ritmos de sono, nas comidas,... xa que nesta idade calquera cambio na rutina habitual do neno/a cústalles asimilalo. Para superar este período temos que darlles aos nenos/as moita **confianza**, **seguridade** e o **tempo** necesario para familiarizarse coa escola.

O meu papel como educadora será:

- Ter unha actitude tranquila.
- Dirixirme un ratiño a cada neno/a en particular.
- Darlle moita importancia aos recibimentos e ás despedidas, e facelos individualmente.
- Familiarizalos cos outros iguais e darllos a coñecer.
- Favorecer actividades en distintos espazos da aula.

Algunhas pautas e estratexias a ter en conta para un bo funcionamento deste período:

- Boa comunicación entre nós.
- Que a súa asistencia sexa continuada e sempre acompañado do mesmo adulto.
- Falar en voz baixiña, senón moitas voces xuntas fan moito barullo.
- Sentarse a súa altura.
- Lembrar que sempre antes de marchar hai que despedirse dos vosos fillos, xa que é moi angustioso para eles/as descubrir que non estades.
- Despedidas claras e breves.
- Pouco a pouco iremos aumentando o tempo na aula.
- Primeiro adaptarémonos o horario de 10 a 13 e despois os demais horarios en función das vosas necesidades.

3.-DINÁMICA DA AULA

Durante estes primeiros meses coñecerémonos tanto eles coma nós os profes, xa que iremos collendo ritmos e pequenas dinámicas: xuntarnos para ver un conto, almorzar xuntos... pequenas cousas que pouco a pouco nos levarán a seguir a dinámica de aula:

Unha vez rematado o período de adaptación, a dinámica de aula sería:

- *Recibimento. Xogos nos distintos espazos, recantos...
- *Encontro. Saúdo e momento de comunicación entre todo o grupo
- *Inglés: a partir do 23 de setembro 10 minutos (3 días a semana)
- *Almorzo. (O almorzo é común para todos polo que deberedes apuntarvos no recanto de pais os días que queirades e traer almorzo ese día para todos. Si algún neno tivera algunha alerxia, ou intolerancia si que deberá traer a súa comida individualmente.)
- *Mudas
- *Xogos.
- *Actividades manipulativas diversas
- * Patio 12:05 a 12:25
- *Xantar de 12:45 a 14:00
- *Sono de 14:00 a 16:00

OS CENTROS DE INTERESE

- ***CHEGO Á ESCOLA**
- ***AS CASTAÑAS**
- ***TEMATICA**
- ***AS LUCES DE NADAL**

Farase unha saída a Bebeteca no mes de maio. Contaremos con un adulto por cada dous nen@s (7 adultos e a data está por determinar)

4.- OUTROS PUNTOS DE INTERESE

A COMUNICACIÓN FAMILIA ESCOLA

Desde a escola queremos favorecer un clima de confianza e boa comunicación, polo que contamos con:

- * Unha enquisa inicial da escola que tedes que cubrir e devolverme canto antes.
- * A comunicación día a día na aula.
- * Panel de información dos nenos: pis/caca, comida, sono...
- * Recanto de pais e nais, que tedes que mirar con regularidade e onde atopamos circulares da escola, cartas, programación....
- * O caderno ou diario da aula onde se contará o que fixemos durante o día, e que comezará unha vez superada a adaptación ata o final de curso.
- * As xuntanzas de aula. A segunda será antes do Entroido.
- * As titorías (momentos de comunicación individualizada entre a titora e os pais) solicitando cita previa.
- * Os sobres dos nenos/as e da titora para intercambiar información sobre todo cos nenos mais madrugadores.

OUTRAS COUSAS DE INTERESE

- Hai que prever que o neno pode poñerse enfermo en calquera momento e se iso sucede chamáremosvos para que veñades a buscalo pois non podería estar na escola, nin por el, nin polos outros. Avisamos con 37,5° de febre. Se teñen febre ao día seguinte NON deberían vir a escola.
- Se tivera algún síntoma grave de enfermidade e non se puidese esperar, eu mesma encargaría-me de levalo a urxencias, pois da miña man non podería darlle ningún tipo de medicación.
- Na escola non se dá ningunha medicación. Tedes que facer coincidir as tomas fóra do horario escolar.
- Prepararse para os malos momentos: conflitos, caídas, golpes, mordiscos, encontros entre eles...
- Avisarnos cando haxa algún cambio na persoa que o ben buscar o neno (só poden recoller os nenos as persoas autorizadas) e os nenos non poden ser recollidos por menores de idade. (pedir fotocopia DNI dos autorizados en un sobre co nome do neno)
- Para cambios de horarios tedes que avisar na oficina e a titora. Os cambios para quitar un servizo serán avisados antes do 25 do mes anterior.
- Recordar que é moi importante a puntualidade na entrada e na saída da escola. Entrada de 10 a 10:10 saída de 12:45 a 13.
- Os aniversarios: Un biscoito e gusanitos , as velas e a compañía dos pais, avós...(nada de chuches)
- Non se poderá aumentar horarios no mes de xuño e xullo sobre todo o xantar.

- Recordar que as normas administrativas están na entrada e que deberedes botarlle un ollo.
- Non se pode deixar as cadeiras dos nenos na escola, unha vez superado o período de adaptación.
- Tedes que traer canto antes unha foto tamaño 13X18 do neno/a.
- Non debedes colgar fotos da escola nin de outros nenos en redes sociais.
- Móbiles operativos cando os nenos están na escola.
- Para os que recollede os nenos as 16:00 primeiro coller as cousas dos nenos na aula e despois recoller ós nenos no dormitorio.
- Este curso non sabemos si contaremos con persoal de prácticas. Este persoal si durante o curso en algún momento estivera na aula tedes que saber que están en período de formación polo que si tedes algunha dubida deberedes sempre falar co titor da aula, non coa persoa de prácticas e por suposto nunca deixar ós nenos coa persoa de prácticas. **NON SON PERSOAL DE ESCOLA.**
- Ollo coas pinzas pequenas e cos xoguetes pequenos, moedas,,, e calquera cousa que poda ser perigosa.
- As festas “grandes” da escola, son . Nadal e Entroido, nas que vos convidamos a vir á escola. Por cuestións de espazo, só se permite a entrada á festa a un adulto por neno.

A escola ve moi interesante a vosa participación na aula e estades invitados, podedes vir a contar un conto, una experiencia....

O COMEDOR

O comedor tamén é un momento que consideramos educativo, buscamos a autonomía, e que sexa un momento pracenteiro. O xantar está elaborado na escola. Buscamos que pouco a pouco os nenos se vaian familiarizando cos diferentes alimentos, que os acepten pouco a pouco e que os proben sen anguria. Hai dous menús un de purés e outro de comida sólida, no cal se comen xeralmente dous pratos e postre.

- comen na aula.
- Hai un panel onde se rexistra que tal comeron

A forma de motivar dende a escola é a seguinte:

Se non e bo comedor

- Hai que probar un pouco do primeiro prato “unha e marcha o prato”
- Igual co segundo para que veña o postre.
- Facemos tratos de dúas , tres... e marcha a comida, a metade....

A auga sempre co segundo prato (normalmente beben auga cando lavan as mans) e despois de xantar lavan as mans é a cara .